

CAMBADOS
REXISTRO ENTRADA
2018-E-RC-5210
16/08/2018 10:49



Data Rexistro: 10/08/2018 08:37:59
Nº Rexistro: 2018015449

SAIDA

Achégase padrón, en formato dixital, do **Imposto sobre Bens Inmóviles**, correspondente ao **exercicio 2018**, pregando a súa exposición nese Concello durante o prazo indicado no anuncio de exposición pública e cobranza que se achega, isto é, **do 21 de agosto ata o 4 de outubro de 2018, ámbolos dous inclusive**, así como o envío do referido anuncio aos alcaldes de barrio do municipio a fin de que os publiquen nos lugares de costume nas respectivas parroquias.

Prégolle, o mesmo tempo, en cumprimento do disposto no artigo 24 do vixente Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo), que ordene a publicación do anuncio no taboleiro de editos da Casa do Concello e a súa remisión ó remate do período voluntario de cobranza, con dilixencia de ter sido exposto, á Tesourería da Deputación Provincial - ORAL.

Pontevedra, 6 de agosto do 2018

O tesoureiro,

P.A., A Tesoureira Accidental,
(R.P. Nº 2018012953 de data 03/07/2018)



Asdo.: María José Pérez Álvarez

P.D.:

- Lembrámoslle que é posible tamén acceder aos datos do padrón, pola/s persoa/s autorizada/s a través da páxina web <http://doc.oral.depo.es>
- Estamos a súa disposición para calquera actuación, axuda técnica, etc., que puidesen precisar.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE CAMBADOS

ANUNCIO

CONCELLO DE CAMBADOS

EXPOSICIÓN PÚBLICA DAS LISTAS COBRATORIAS DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA, URBANA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO EXERCICIO DE 2018

De conformidade co art. 77.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as **Listas Cobratorias do imposto sobre Bens Inmoables do exercicio 2018 poranse ó dispor do público nos locais do CONCELLO DE CAMBADOS, dende o día 21 de agosto ata ó día 4 de outubro de 2018, ambos inclusive, o que fai posible que os interesados, durante dito prazo, examinen os mesmos. Podendo presentar, no prazo dun mes, desde o 5 de outubro de 2018, as reclamacións procedentes perante a Tesourería desta Deputación de Pontevedra - ORAL (art. 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004).**

COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA, URBANA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO EXERCICIO DE 2018

De conformidade co previsto no art. 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, de 29 de xullo de 2005 (RD 939/2005), comunícaselles ós contribuíntes afectados que o **período voluntario de cobranza do imposto indicado, para o CONCELLO DE CAMBADOS, será do 21 de agosto ao 5 de novembro do ano 2018, ámbalas dúas datas inclusive. Tendo en conta que o prazo límite de ingreso será o día 5 de novembro de 2018 no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora (art. 19.3 do Regulamento Xeral de Recadación).**

O imposto deberá **satisfacerse a través de calquera entidade bancaria colaboradora, na Oficina Virtual Tributaria (OVT) do ORAL (<http://oral.depo.es/>) ou a través de calquera modo autorizado legalmente, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ó pagamento podará, ata o día 5 de novembro de 2018, obter un duplicado nos Servizos Centrais do ORAL (Avda. de Marín, 9 - 36071 Pontevedra) ou na Oficina Periférica máis próxima ao seu domicilio.**

Os contribuíntes que a 15 de outubro de 2018 non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán de prazo ata o 5 de novembro de 2018 para os solicitar nas oficinas indicadas e efectua-lo pagamento nas entidades bancarias colaboradoras, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento nin impide a utilización da vía de prema.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do art. 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

Pontevedra, 6 de agosto do 2018

O tesoureiro,

P.A., A Tesoureira Accidental,

(R.P. N° 2018012953 de data 03/07/2018)



María José Pérez Álvarez

